

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE VALDOVIÑO CELEBRADA EN DATA VINTE E UN DE OUTUBRO DE DOUS MIL DEZASEIS.

No Salón de sesións da Casa do Concello, o día vinte e un de outubro de dous mil dezaeis, reuniuse en primeira convocatoria o Pleno da Corporación do Concello de Valdoviño para celebrar sesión ordinaria, que comeza ás vinte horas; presidida polo Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández e á que asisten todos os concelleiros e concelleiras: dona Rosa Ana García López, don Sergio Saavedra Gutiérrez, don Benito Manuel Vega Fernández, dona Jessica Sabín Fernández (que se incorpora no transcurso da sesión cando se está a tratar o punto 4º da Orde do Día), e don Alejandro Antonio García Sousa do PSdeG-PSOE; don José Antonio Vigo Lago, don Esteban García Alonso, don José Antonio Rodríguez Fernández e dona María Cristina Freire Aneiros do Partido Popular (PP): don Luis Manuel Beceiro Rodríguez de Centristas de Valdoviño (CENVAL); don Manuel Javier Bacorelle Robles de Unidos Por Valdoviño (U POR V); don Carlos Alberto Ameneiros Serantes do Bloque Nacionalista Galego (BNG).

Asistidos da secretaria municipal, dona Carlota González Navarro, e da interventora dona Gema Leal Insua; sesión na que se trataron os seguintes asuntos da ORDE DO DÍA:

I) PARTE DISPOSITIVA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS SESIÓN DE DATAS 30.08.16 e 16.09.16.-

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes, deu a súa aprobación aos borradores de actas mencionadas.

2º.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO MEDIANTE SUPLEMENTO DE CRÉDITO-CRÉDITO EXTRAORDINARIO: NÚM. 28/2016, FINANCIADO CON BAIXAS DE CRÉDITO NOUTRAS APLICACIÓN.-

/A comisión informativa de Planificación Territorial e xestión administrativa, ditaminou favorablemente a aprobación inicial do expte de modificación de crédito núm. 28/2016, conforme a seguinte proposta de Alcaldía/:

PROPOSTA DO ALCALDE:

“ASUNTO: EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO MEDIANTE SUPLEMENTO DE CRÉDITO-CRÉDITO EXTRAORDINARIO: NÚM. 28/2016 FINANCIADO CON BAIXAS DE CRÉDITO NOUTRAS APLICACIÓNS.

De conformidade co disposto no artigo 177 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais, do art. 35 do RD 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI do devandito Texto Refundido, PROPONSE AO PLENO:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito mediante suplemento de crédito-crédito extraordinario co núm: 28/2016

- Aprobación de suplemento de crédito nas aplicacións orzamentarias que se sinalan de seguido, por importe total de 45.638,99 €.

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	CONCEPTO	IMPORTE DOTAR	A
132 120 09	Persoal funcionario de Policía. Outras retribucións.	6.545,89	
151 12009	Persoal funcionario adherido a urbanismo. Outras retribucións.	2.570,67	
151 131 03	Persoal laboral adherido a urbanismo. Outras retribucións.	1.857,81	
231 131 03	Persoal Laboral de Servizos Sociais. Outras retribucións.	2.482,85	
241 131 03	Persoal laboral de promoción de emprego. Outras retribucións.	1.997,68	
321 120 09	Persoal funcionario de Educación. Outras retribucións.	1.364,25	
334 131 03	Persoal laboral cultura. Outras retribucións.	2.659,27	
453 120 09	Persoal funcionario encargado servizos. Outras retribucións.	1.537,80	
453 131 09	Persoal laboral servizos varios. Outras retribucións.	2.565,11	

920 120 06	Atrasos trienios solicitados, pendentos resolver	1.676,09
920 120 09	Persoal funcionario de Administración Xeral. Outras retribucións.	12.703,73 €
931 120 09	Persoal funcionario de Política fiscal e económica. Outras retribucións.	7.677,84 €
TOTAL		45.638,99

- Financiamento procedente de baixas de crédito noutras aplicacións orzamentarias

Da aplicación 130 227 99	10.000 €
Da aplicación 151 202 00	10.000 €
Da aplicación 341 227 99	5.000 €
Da aplicación 432 227 99	3.138,99 €
Da aplicación 453 210 00	7.500
Da aplicación 931 622 00	10.000 €
Total	45.638,99 €

Segundo.- Expor ao público dito expediente durante 15 días mediante a publicación de anuncios no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro municipal de edictos.

Terceiro.- Aprobar, con carácter definitivo, o referido expediente se contra o mesmo non se presentasen reclamacións durante o prazo de exposición pública.

Cuarto.- Publicar, unha vez aprobada a modificación, un resumo a nivel de capítulos no taboleiro municipal de edictos e no Boletín Oficial da Provincia.

Quinto.- Simultaneamente ao envío do anuncio a publicar anterior, remitir copia do expediente á Comunidade Autónoma e Administración Estatal.

Quinto.- Acordar establecer os importes de pagas extras e pagas adicionais de complemento específico e outras pagas adicionais adebedadas ao persoal do concello

con relación de servicio no exercicio 2012 (na data de devengo da paga) como se detalla no informe de cómputo efectuado pola Tesoureira Municipal

Valdoviño, 14 de outubro de 2016
O Alcalde
Alberto González Fernández”

O Sr. Alcalde manifesta que este expediente se tratou na comisión informativa previa á sesión plenaria pero que en síntese a súa tramitación, débese a que o concello non puido facer fronte ao pagamento da extra do 2012 aos traballadores por causas económicas e que neste intre a interventora fixo cálculos para modificación de crédito cun reparto equilibrado para poder pagarlles, porque ademáis é unha obriga legal.

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes, acordou aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito núm. 28/2016, conforme á proposta de Alcaldía transcrita.

3º.- APROBACIÓN INICIAL DE EXPEDIENTE DE RECTIFICACIÓN DE CAMIÑO MUNICIPAL.-

/Ditaminada favorablemente a súa tramitación e inclusión nesta sesión plenaria pola comisión informativa de Planificación Territorial e Xestión Administrativa en sesión de data 17 de outubro de 2016/:

Proposta de Alcaldía:

“RESULTANDO que o concello, o día 17 de outubro de 2014, aprobou definitivamente o inventario de camiños de titularidade municipal do concello de Valdoviño.

RESULTANDO que durante o último ano se produciron unha serie de vicisitudes en ditos bens tal e como consta no informe emitido polos servizos técnicos municipais.

VISTO o informe de Secretaría emitido en data 14 de outubro de 2016,

CONSIDERANDO o establecido no artigo 33.1 do Regulamento de Bens das Entidades Locais (RD 1372/1986, de 13 de xuño) que determina que a rectificación do Inventario Municipal se verificará anualmente, reflexándose na mesma as vicisitudes de toda índole dos bens e dereitos de propiedade municipal durante esa etapa.

CONSIDERANDO que a aprobación da rectificación anual do Inventario corresponde ao Pleno da Corporación Local, de conformidade co previsto no artigo 34 do Regulamento de Bens das Entidades Locais.

Considerando que o artigo 32.1 do Regulamento de Bens das Entidades Locais establece que unha vez sexa aprobada a rectificación anual do Inventario, remitirase copia do mesmo á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

CONSIDERANDO que segundo o establecido no artigo 36 da Lei 33/2003 de Patrimonio das Administracións Públicas, o previsto no artigo 85 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, así como no artigo 36 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, as Corporacións Locais deberán inscribir no Rexistro da Propiedade os seus bens inmobles e dereitos reais, de acordo co previsto na lexislación hipotecaria, sendo título abondo para tal efecto a certificación que con relación ao inventario aprobado, expida o Secretario co Visto e prace do Presidente.

Esta Alcaldía, en uso das atribucións conferidas pola lexislación vixente, PROPÓN ao Pleno, a adopción dos seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o expediente de rectificación anual do inventario de camiños do concello de Valdoviño, relativo ao camiño municipal con número de activo 1C.6.0168, nos termos sinalados no informe do arquitecto municipal de data 7 de outubro de 2016.

SEGUNDO: Expoñer ao público o expediente por un prazo de 20 días hábiles no taboleiro de edictos do concello e no BOP.

TERCEIRO: Se non se presentan reclamacións, entenderase elevada a definitiva a rectificación anual do inventario de camiños do concello de Valdoviño, relativo ao camiño municipal con número de activo 1C.6.0168.

Valdoviño, 17 de outubro de 2016.

O Alcalde,

Asdo: Alberto González Fernández”.

Sinala o Sr. Alcalde que este tema se explicou no seo da comisión informativa previa a esta sesión plenaria polo arquitecto municipal e que a tramitación destas rectificacións veñen derivadas como sabemos de solicitudes sobre parcelacións, rehabilitación de vivendas e outras.

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes acordou aprobar a proposta de Alcaldía antedita, de aprobación inicial de expediente de rectificación de camiño municipal.

II) CONTROL DE ACTIVIDADE DO PLENO

4º.- DAR CONTA DE DECRETOS DA ALCALDIA. RELACIÓN NÚM. 09/2016.-

358	05-09-16	De designación de membros comisión avaliadora no procedemento de concesión de axudas para material escolar 2016-2017.
359	06-09-16	Aprobación de expediente de modificación de créditos nº 20/2016 (transferencia de crédito) por importe total de 30.147,00 euros.
360	06-09-16	Desestimando alegacións presentadas por interesada en relación a decreto 372/2015 (no que se resolve incoar expte de legalización urbanística) e ordeando demolición das obras.
361	06-09-16	Aprobase a extinción do Servizo de Axuda no Fogar ao usuario M.A.H, debido ao seu falecemento.
362	06-09-16	Aprobase a suspensión temporal do Servizo de axuda no Fogar á usuaria F.L.D por estancia temporal en residencia.
363	06-09-16	Concedeselle á funcionaria MC. L. R. o día 7 de setembro de 2016 coma de asuntos propios.
364	08-09-16	Convocatoria sesión extraordinaria de Xunta de goberno local do día 9 de setembro de 2016.
365	09-09-16	De levantamento de reparo suspensivo á tramitación de facturas emitidas por “Move Servizos Ocio y Deporte, SL”, por prestación do servizo de salvamento e socorrismo (Fras. F/2016/1456 e F/2016/1538).
366	09-09-16	Aprobación de expediente de modificación de créditos nº 21/2016 (transferencia de crédito) de importe total: 39.599,96€.
367	09-09-16	Acordando contratar temporalmente para a praza de traballadora social (por substitución por baixa da que ocupa esta praza) a dona Laura Tojo Fernández e acordos derivados.
368	09-09-16	Autorizando festas patronais en honor a Santa María os días 9, 10 e 11 de setembro na parroquia de Sequeiro.
369	09-09-16	Autorizando celebración de cucaina os días 10 e 11 de setembro do corrente na parroquia de Villarrube.
370	09-09-16	Declarase a caducidade do expediente de reposición da legalidade nº 2/2015.
371	09-09-16	Acordando incoar expte de reposición da legalidade urbanística contra promotora de obras realizadas en Domondo-Pantin.
372	09-09-16	Aprobando expediente de xeración de créditos por importe total de 52.060,20 euros.
373	12-09-16	Resolvendo desestimar recurso de reposición interposto por interesado en materia de tráfico. Expte: 7283/2015.
374	12-09-16	Concedeselle á funcionaria G.L.I. o día 13 de setembro de 2016, coma de asuntos propios.
375	13-09-16	Convocatoria sesión ordinaria do Pleno da Corporación de data

		16 de setembro de 2016.
376	13-09-16	Concedeselle ao funcionario C. A. G. o día 23 de setembro de 2016 coma de asuntos propios.
377	13-09-16	Resolvendo incoar expte Ref. OPI 1/2016 ordeando a propietario de parcela proceda a aclarar a biomasa vexetal a menos de 50 m. das vivendas.
378	13-09-16	Resolvendo incoar expte de reposición da legalidade urbanística contra promotor de obras levadas a cabo en A Costa- Sequeiro RLU 8/15) e acordos derivados.
379	13-09-16	Resolvendo incoar expte de reposición da legalidade urbanística contra promotor de obras levadas a cabo en A Costa- Sequeiro RLU 9/15) e acordos derivados.
380	14-09-16	Convocatoria sesión ordinaria de Xunta de goberno local de data 15 de setembro.
381	14-09-16	Ordeando pagamento relación facturas nº 9/16 e 10/16, aprobadas en Xuntas de goberno de datas 25 de agosto e 9 de setembro, respectivamente.
382	14-09-16	Resolvendo proceder á xeración de créditos nas aplicacións orzamentarias que constan no decreto, por importe de 2031,63€.
383	14-09-16	Acordando incoar expte Ref. OPI 2/2016, ordeando a titulares de parcela a aclarar a biomasa vexetal a menos de 50 m. das vivendas.
384	14-09-16	Resolvendo aprobar as liñas fundamentais do orzamento para o ano 2017, en base a estimacións de execución do orzamento 2016.
385	15-09-16	Autorizando festas patronais en honor a Nª Sª dos Dolores na parroquia de Lago os días 17 e 18 de setembro.
386	15-09-16	Aprobese e ordease pagamento de nómina/finiquito de traballadores de limpeza de praias 2016 (periodo 1/15 setembro). Total: 4.644,36€.
387	16-09-16	Aprobación de expte de modificación de créditos nº 24/2016- transferencias de crédito- por importe total de 730 euros.
388	16-09-16	Desestimando alegacións feitas por interesada (denunciada) en relación a obras feitas en Lavacerido-Meirás.
389	16-09-16	Resolución inicio de procedementos sancionadores de tráfico. 14 exptes.- Importe principal: 4000€; bonificado: 2.000€.
390	16-09-16	Concedeselle ao empregado público JJ. P. F. os días 21 e 22 de setembro coma de asuntos propios.
391	19-09-16	Nomeando ao funcionario S. M. P. coma interventor accidental do 19 ao 23 de setembro de 2015, por vacacións da interventora titular.

392	19-09-16	Levantamento de reparo suspensivo interposto pola intervención o 19/09/16 e aprobando gastos e autorizando pagamentos de relación de facturas. Importe total: 54.083,96€.
393	20-09-16	Dispoñendo a concesión de tarxeta de estacionamento para personas con minusvalía ao peticionario A.G.L.
394	20-09-16	Concedeselle á funcionaria MC. L. R. o día 21 de setembro/16 coma de asuntos propios.
395	20-09-16	Decreto de resolución de expte sancionador de tráfico. Importe: 80€
396	21-09-16	Convocatoria sesión ordinaria de Xunta de goberno local de data 22 de setembro.
397	22-09-16	Concedeselle ao funcionario S.L.V. o día 23 de setembro/16 coma de asuntos propios.
398	22-09-16	Autorizando celebración de churrascada popular na parroquia de Loira o día 24 de setembro.
399	22-09-16	De levantamento de reparo emitido pola intervención municipal de data 20 de setembro de 2016, sobre facturas, e ordeando a súa tramitación para aprobación.
400	23-09-16	Autorizando celebración de comida popular na parroquia de Valdoviño, lugar de Aviño o día 24 de setembro.
401	23-09-16	Autorizando celebración de comida campestre no Atrio da igrexa de San Mamede, parroquia de Valdoviño o 24 de setembro.
402	23-09-16	Declarase a caducidade do expte de reposición da legalidade nº 2/2012 e resolveuse proceder ao seu arquivo.
403	26-09-16	Resolvendo librar fondos a favor da Axencia Tributaria por importe de 143,18€ en cumprimento de notificación de dilixencia de embargo de créditos sobre "Ofinolta, S.L".
404	26-09-16	Dispoñendo se inicie procedemento para declaración da prescrición de obrigas recoñecidas pendentes de pagamento e aprobación do expte de prescrición ou de rectificación de erros contables.
405	27-09-16	De aprobación de gasto de acción social en cumprimento do artigo 24 do Acordo Negociador das condicións de traballo dos funcionarios, segundo se especifica no decreto.
406	27-09-16	Aprobanse as retribucións de setembro dos funcionarios por total de 55.355,18€; do persoal laboral por 17.131,42€ e as retribucións dos membros da Corporación a abonar en setembro por 4.398,74 euros.
407	27-09-16	Acordando proceder á depuración das asociacións existentes no concello, proceder á inscrición no Rexistro municipal de Asociacións e deixar sen efecto as efectuadas con anterioridade á aprobación da Ordenanza reguladora e publicar este acordo no

		taboleiro de anuncios e web municipal.
408	27-09-16	Aprobanse as cotas de agosto de 2016 do Servizo de Axuda no Fogar por importe total de 5.967,02€
409	28-09-16	Aprobación Plan de Seguridade e Saúde da obra do PEIM 2016: "Reforzo e pavimentación dos camiños de Lodeiro, Lousada e Curuxeiras", da empresa "Construccioncs Concifa, S.L."
410	28-09-16	Convocatoria sesión ordinaria de Xunta de goberno local do 29.09.16.
410-Bis	28-09-16	Concedenselle ao funcionario S. L.V. os días 29 e 30 de setembro de 2016 coma de asuntos propios.
411	29-09-16	De levantamento de reparo suspensivo sobre factura de "Move, Servicios de Ocio y Deporte, S.L" pola prestación do servizo de socorrismo 2016 e ordease se leve a cabo a tramitación mediante a súa aprobación.
412	29-09-16	Desestimando recurso de reposición presentado polo concesionario do Camping municipal da Lagoa en relación ao canon da concesión.
413	29-09-16	Autorizando festas patronais en honor a San Miguel os días 30 de setembro e 1 e 2 de outubro na parroquia de Valdoviño.
414	29-09-16	Polo que se resolve incoar expte de reposición da legalidade urbanística a promotor de obra en Marnela-Pantín e acordos derivados.
415	29-09-16	Para incoar expte con referencia OPI 3/2016 para ordenar a propietario de parcela que aclare a biomasa vexeral a menos de 50 m. das vivendas e acordos derivados.
416	29-09-16	Resolvendo incoar expte referencia OE 4/2016, ordeando a propietario proceda á adecuación da obra do peche realizado ás medidas legalmente establecidas e acordos derivados.
417	29-09-16	Aprobación expte de modificación de créditos nº 25/2016-xeración de créditos- por importe total de 5.395 euros.
418	30-09-16	Concedeselle á funcionaria MC.L.R. o día 3 de outubro de 2016 coma de asuntos propios.
419	03-10-16	Aprobando liquidación de cotas pendentes do servizo de Axuda no Fogar de usuaria por importe total de 483,91€.
420	05-10-16	Ordeando pagamento da relación de facturas aprobadas en Xunta goberno de data 22.09.16 e ordeando o pago de subvención nominativa a favor do Club praia de Pantín anticipadamente.
421	05-10-16	Concedenselle á funcionaria MR. T. R. os días 10 e 11 de outubro de 2016 coma de asuntos propios.
422	05-10-16	Convocatoria sesión ordinaria da Xunta de goberno local do día 6 de outubro de 2016.

423	05-10-16	Concedenselle ao funcionario A. V. H. os días 10, 11, 19 e 20 de outubro coma de asuntos propios.
424	06-10-16	Concedenselle á funcionaria P. R. R. os días 13 e 14 de outubro coma de asuntos propios.

O Pleno tomou razón dos decretos que integran a relación.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

.-INTERVENCIÓN DO CONCELLEIRO DO GRUPO CENVAL.- SR. BECEIRO RODRÍGUEZ.-

- Reclamo a limpeza de camiños.

Sr. Alcalde.- Fumos ver o tema do camiño real de Aviño, de cara a poder limpalo, porque é importante ese camiño para o tránsito.

Sr. Ameneiros.- Xa pedira eu tamén no anterior mandato que se limpase ese camiño. Aparte hai unha ocupación dese camiño (quero que conste esta aclaración na acta) e tamén hai que mirar a seguridade viaria.

Sr. Alcalde.- Hai que considerar que é un camiño con valores patrimoniais.

- Solicito que se lle reclame á Deputación a limpeza de terra nas cunetas no lugar de Aviño.

Sr. Vega Fernández.- Xa lle comuniquei esa necesidade ao capataz.

- ¿Qué informes hai respecto ao camping municipal?

Sr. Alcalde.- Hai informe de secretaría, policía local e intervención. Tamén se fixo un bando no seu día. Os facilitarei a documentación recopilada deste asunto.

- ¿Fixéronse os informes sobor dos asfaltados?

Sr. Alcalde.- Pidíronse aos directores das obras, sobre o estado actual.

- ¿Requiriuse ao dono do edificio do Siroco para que adoptase medidas de seguridade no edificio?

Sr. Saavedra Gutierrez.- Si, e vai proceder ao seu tapiado.

- ¿Remitiuse á Xunta o escrito acordado en sesión plenaria para que faiga inversións en Valdoviño?.

Sr. Alcalde.- Fixéronse solicitudes. Así, concederon 150.000 euros para centro socio-comunitario. Sobre o dos bombeos de Meirás para os que segundo o Sr. vigo ían facer aportación non se puxeron en contacto con nós.

Sr. Vigo.- Hai que reitéralo á Consellería de Medio Ambiente, porque nos dixeran que en dous anos estaría, o problema daquela era económico.

Sr. Alcalde.- Entendera que se facía a través da Consellería de Medio Rural.

➤ ¿Avanzouse nas contratacións pendentes, como a do pavillón do Longoiro, plantexado na comisión informativa?

Sr. Alcalde.- Vaise cambiar o sistema de xestión.

Sr. Saavedra.- Precisamos coñecer a ocupación real.

➤ ¿En qué situación se atopa o do museo de surf? ¿Hai aportación económica municipal?

Sr. Alcalde.- Esperamos saber algo para a semana que ven. Fixose dentro do Plan de Acción Costeira unha primeira proposta que consideraron positiva. A Consellería aprazou ata o 31 de outubro deste ano para resolver; ata o de agora resolveu propostas privadas e logo vai resolver as institucionais.

A idea é que se xestione co Club que o promove en horario da abertura da Casa de Cultura (hai axudas en Deputación en canto a persoal e xestión destes inmobles). O material ceduselleva ao concello por parte dos promotores do surf. Asistín a un congreso de desenvolvemento económico en materia de surf celebrado no país País Vasco, onde están estudando o desenvolvemento de deportes náuticos como actividade económica. Comunicouse a Acción Costeira que en todo caso o esforzo económico do concello podería chegar a ser dun 10%.

➤ ¿Cómo está o asunto do Punto de Atención á Infancia? ¿Cómo se pensa contratar a xestión?

Sr. Alcalde.- Estamos á espera de que os técnicos municipais faigan a documentación. Farase contratación externa e estableceranse prezos públicos mediante un regulamento.

➤ Rogo que o tema da parcelaria non quede esquecido.

Sr. Vega.- Virán para este tema dentro duns 15 días.

➤ Faigo a advertencia de que o parque da praia está perigoso.

Sr. Alcalde.- Fíxose a revesión agora.

Sr. Vega.- Encargouse un balancín e amañouse a caseta.

➤ ¿Qué cursos de formación se imparten?

Sra. Sabín Fernández.- Agora estase cun curso de prevención de riscos e tamén dende a área de servizos sociais do concello impartese curso de alfabetización a maiores.

Sr. Vega.- Tamén intervención e limpeza en espazos naturais.

Sr. Garcia Sousa.- O curso de riscos laborais é fundamental para traballo no sector naval. Tamén se prevé outro curso do ámbito forestal.

Sr. Alcalde.- Pretendemos que no local socio-comunitario se xeneren espazos para impartir formación.

➤ ¿Fíxose o informe sobre o servizo de socorrismo?

Sr. Alcalde.- Primeiro quitaremos as obras previstas nos plans.

➤ Rogo que se aclare debidamente o problema da recollida do lixo coa empresa prestataria deste servizo. Primeiro cerciorándose de se recollen ou non e contrastando o traballo que fan co estipulado no contrato.

Sr. Alcalde.- Empezamos xa a comprobar. Se lle instou á empresa para que cumpra. Hai tamén reclamacións de recibos, como houbo sempre. A empresa presentou un pequeno informe.

Sr. Ameneiros.- Débense regular as zonas e frecuencia da recollida do lixo e as alteracións do servizo facelas constar por escrito.

INTERVENCIÓN DO CONCELLEIRO DO GRUPO UNIDOS POR VALDOVIÑO.- - SR. BACORELLE ROBLES.-

➤ Tiña preguntas en canto ao camping municipal, en canto ao da empresa que recolle o lixo.. que non vou plantexar porque se acaba de falar disto.

➤ ¿Me informan da visita da Conselleira de Medio Ambiente?

Sr. Alcalde.- A Conselleira veu a Valdoviño para celebrar o día do Medio Ambiente. Abordouse o tema da Lagoa (completar o paseo existente ata o Golpiño). O concelleiro Sr. Esteban García pidiulle que se completará con paseo todo o espazo de tránsito ó redor da Lagoa e a Conselleira comprometeuse a estudialo. En canto ás actuacións na Lagoa indicouse que se ía volver aos métodos tradicionais. En canto ás restricións no concello para actuar en zonas de Rede Natura (o decreto impón moitas limitacións), comentousenos que ían buscar solución para as zonas costeiras e falouse tamén dos bombeos en Meirás – tramo: Campelo- Cantodomuro- e plantexouse ademáis o problema do cauce do río de Pantín.

➤ ¿Qué sabemos da multa via apremio imposta a Covacano? Porque pasou moito tempo dende que se falou disto.

Sr. Alcalde.- Está pendente na Deputación. Non temos máis coñecemento.

➤ ¿Cómo se desenvolve o tema co antigo concesionario do camping municipal?

Sr. Alcalde.- Presentou escrito esta semana pedindo documentación.

INTERVENCIÓN DO CONCELLEIRO DO GRUPO BNG.- SR. AMENEIROS SERANTES.-

➤ Respecto ao asunto do circo que se instalou sen autorización. ¿Abriuse expte. sancionador?

Sr. Alcalde e Secretaria.- Non. Comezouse a traballar na apertura de expedientes de denuncias a establecementos hoteleiros.

➤ Pido o mesmo que o Sr. Beceiro, que se actúe en relación á empresa ou empresas na licitación do servizo de socorrismo, porque se lle provocou un perxuízo terrible ao concello, principalmente coa empresa que renunciou.

Sr. Alcalde.- Renunciou máis dunha empresa.

➤ ¿Emprendeuse algún trámite sobor do fraccionamento do pagamento do IBI que teño solicitado? Reitero que o fraccione o Concello.

Sra. Interventora.- En principio non o permite a Deputación, na que temos delegado o cobramento.

/Sendo as vinteunha horas e trinta minutos, previo anuncio á Presidencia o Sr. Beceiro Rodríguez abandoa a sesión/.

Sr. Ameneiros.-

➤ Solicito que o concello, non permita que por Meirás e Lago non pasen no fin de semana buses.

Sr. Alcalde.- Tivemos reunión cos concellos para posibilitar a mellora do transporte, ao marxe da Mancomunidade. Se pidiron títulos concesionarios e se fixo informe sobre comprobación de horarios dos colexios porque houbo modificacións de horario. Pero se non se asume o transporte metropolitano, gravase aos veciños.

Sr. Ameneiros.- Pido un respaldo por parte do Pleno de Valdoviño, solicitando o dos buses de Meirás e que se racionalice o transporte.

➤ Insisto na petición dunha marquesiña en Robles.

Sr. Vega. – Contamos con ela.

➤ Volvo a solicitar a limpeza do río que transcorre na zona das Vivendas Sociais.

Sr. Alcalde.- Solicitouse axuda á Deputación para brigada de limpeza municipais onde se vai incluír a limpeza dese río.

➤ Solicito se inste ao grupo En Marea para que proceda á retirada da súa propaganda das eleccións.

➤ Solicito se faiga un estudio da ordenanza da auga.

Sr. Alcalde.- Sí, hai que facelo.

➤ Hai uns muiños sitios na zona do camiño real, do que falaba o Sr. Beceiro, os que se lles debe de dar valor e recuperalos.

➤ ¿Hai expediente das antenas repetidoras da televisión? Porque en Santo Tomás os veciños sofren o ruído que fai a antena.

Sr. Rodríguez Fernández.- Esa antena instalouna a xunta e sempre houbo ese problema.

Sr. Vega.- E correspondelle á Xunta a solución, non ao concello.

Sr. Ameneiros. –E a Xunta remite aos veciños ao concello.

INTERVENCIÓN DO GRUPO PARTIDO POPULAR
.SR. VIGO LAGO.-

- No pleno do 15.04.16 aprobouse unha moción do Partido Popular para a banda longa en zonas do concello. Mirei o rexistro de saída e non atopei que se remitese o acordo da moción..

Sra. Secretaria.- Penso que debe estar executado o envío do acordado pero comprobarase.

Sr.Vigo.- Hai que falar con Antega para a cobertura en todas as zonas, especialmente falo de Vilaboa.

Sra. Sabín.- Está ampliado, ampliouse ata A Vispeira.

Sr. Alcalde.- Falei das necesidades de implementación no rural neste aspecto.

- ¿Puxoselle multa ás persoas que se resistiron ao abandono das instalacións no camping municipal?

Sr. Alcalde.- Non.

- ¿Seguese co programa de Xantar na Casa? ¿Cantos usuarios hai?

Sr. Alcalde.- O programa segue. Non sei o número de persoas usuarias.

- Aparecen no rexistro de entrada varios rexistros como un en relación a conducións e acometidas de saneamento.

Sr. Alcalde.- Pode estar vinculado o escrito a dúas situacións: a unha solicitude de extensión da rede en Riobo a petición de particular ou a un escrito de Carreteras de solicitudes de conexión en rede (zonas de servidumbre AC-566), porque se cursou unha solicitude á Consellería e veu autorizado facer conexión en Meirás e Lago.

- Tamén aparece no rexistro un buro-fax procedente do Banco Pastor.

Sr. Alcalde.- Descoñezo o seu contido.

- ¿Remitiuse algún proxecto de ampliación da estrada provincial O Coval-Loira? Porque faláramos coa Deputación e o proxecto estaba feito

Sr. Alcalde.- Sí, pero non o madaron. O proxecto está modificado.

Sr. Ameneiros.- Ese proxecto é antigo, pero hai un problema cos veciños.

Sr. Rodríguez.- Sí, e falaran de que se ía facer expropiación.

- Levamos dous anos co expediente do nome das rúas e a xente protesta. ¿Avanzouse neste expediente?

Sr. Alcalde.- Hai que facer algunha modificación, baseándose na toponimia orixinal. Retomaremos o expediente.

Sr. García Alonso.-

- ¿Solicítouse un xeoplaneamento dos contenedores existentes?

Sr. Alcalde.- Sí.

➤ Na memoria que o grupo de goberno fixo para a limpeza de ríos. ¿Incluíuse o paseo da Lagoa?

Sr. Alcalde.- Non.

Sr. Vega.- Non, pero poden facerse máis traballos que os incluídos na memoria.

Sr. Rodríguez Fernández.-

➤ ¿Estase ao día no pagamento da Mancomunidade?

Sr. Alcalde.- Si, reduciuse a cota polos voluminosos pero estase pendente na Mancomunidade de ampliación doutros servizos coma os derivados do tema da casa de acollida de Ferrol.

➤ ¿Está cuberto o servizo de lacería (recollida de cans...?)

Sr. Alcalde.- Sí.

Sen máis asuntos que tratar nen máis intervencións, a sesión ten o seu remate e queda levantada pola Presidencia ás vinte e dous horas e trinta minutos. Do que, como Secretaria, CERTIFICO.

A Secretaria,

O Alcalde,